



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE), SOBRE O USO DE ESPAZOS NAS CAMPAÑAS DE VACINACIÓN MASIVA CONTRA A COVID-19 DESENVOLVIDAS POLO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA.**

En Santiago de Compostela, a 11 de outubro de 2022.

**REUNIDOS:**

**Dunha parte,** Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en representación deste organismo autónomo, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, co Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**E doutra parte,** Francisco Conde López, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, na súa condición de Presidente do Padroado da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE, CIF G32164956 con domicilio na Finca Sevilla s/n, (32005 Ourense) no exercicio das facultades conferidas nos respectivos estatutos da Fundación.

As partes interviñentes, na representación que ostentan recoñécense a capacidade necesaria para a conclusión do presente convenio e para tal efecto

**MANIFESTAN**

I.- O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

O artigo 4 da citada Lei 8/2008, de 10 de xullo, determina que se garanta a todas as persoas a atención sanitaria en situación de urxencia e emerxencia, con pleno respecto á súa personalidade, dignidade e intimidade, sen ningunha discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión, idioma, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O artigo 52 da mesma Lei 8/2008, refírese á atención a urxencias e emerxencias, establecendo que todo o Sistema Público de Saúde de Galicia prestará a atención continuada



e de urxencia a través dos seus dispositivos asistenciais.

Así mesmo prevé que en situacións de emerxencia orixinadas por catástrofes ou accidentes en calquera lugar de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia facilitará a asistencia sanitaria «in situ», o traslado de persoas afectadas e a asistencia nos centros máis apropiados.

A atención de urxencia prestarase ao paciente nos casos en que a súa situación clínica obrigue a unha atención sanitaria inmediata, e dispensarase tanto en centros sanitarios coma fóra deles.

O mesmo precepto indica que ante situacións de crise, alerta ou alarma de saúde pública, o Sistema Público de Saúde de Galicia responderá con mecanismos e accións precisas que garantan a protección da saúde da poboación.

**II.-** A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE), foi constituída o 24 de decembro de 1992, pola Xunta de Galicia (Consellería competente en materia de industria e comercio), o Concello de Ourense, o INORDE (Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico), a Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, a Confederación de Empresarios de Ourense, Caixanova (agora ABANCA), o Concello de San Cibrao das Viñas e a Deputación Provincial de Ourense.

Segundo o artigo 6 dos seus estatutos, son fins da fundación a promoción de actividades comerciais, turísticas, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais, de fomento das actividades deportivas, de fomento da prevención de riscos laborais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de todos os sectores da actividade económica, contribuíndo á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

Para tal efecto, o mesmo precepto prevé a realización de actividades que afecten ou incidan, de calquera forma ou ámbitos, nos intereses xerais.

**III.-** O Servizo Galego de Saúde, de conformidade co Plan de Vacinación establecido, ten como obxectivo principal a vacinación da poboación para reducir a morbilidade e a mortalidade causada pola COVID-19, protexendo especialmente a aqueles grupos máis vulnerables.

A COVID-19 foi declarada pandemia pola Organización Mundial da Saúde (OMS) o día 11 de marzo de 2020 o que obrigou a un cambio na vida e comportamentos das persoas, ocasionando un aumento de presión sobre o sistema sanitario polo gran número de casos de enfermidade, un impacto importante sobre a mortalidade, así como un gran deterioro da situación económica e repercusión sobre a vida social da poboación.

Conseguir a inmunización da poboación a través da vacinación xeral demostrou ser a medida máis poderosa e eficaz para o control da pandemia.



Para incrementar a eficacia do plan e chegar ao maior número de persoas posible, habilitáronse puntos de vacinación masiva en lugares con facilidade de acceso, e preparados para acoller gran número de visitantes.

Para tal efecto, os recintos feirais como EXPOURENSE reúnen as condicións necesarias para a finalidade proposta, dada a súa ubicación estratéxica, alta capacidade e infraestruturas dispoñibles.

**IV.-** O artigo 99 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, prevé que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais poden celebrar convenios con outras administracións públicas ou con persoas xurídicas de dereito público ou dereito privado pertencentes ao sector público, co fin de ordenar as relacións de carácter patrimonial entre as mesmas nun determinado ámbito ou de realizar actuacións contempladas na citada lei en relación cos bens e dereitos dos seus respectivos patrimonios.

Os convenios patrimoniais poden conter cantas estipulacións se estimen necesarias ou convenientes para a ordenación das relacións patrimoniais entre as partes que interveñan, sempre que non fosen contrarias ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

Do mesmo xeito, os artigos 186 e seguintes da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, regula a figura dos convenios patrimoniais

De conformidade co anterior, as partes entenden que resulta necesario establecer as bases que permitan dar soporte xurídico á cesión dos espazos necesarios dos recintos feirais, como elemento patrimonial indispensable para acoller os eventos de vacinación masiva que leve a cabo a autoridade sanitaria autonómica, dentro do Plan Galego de Vacinación fronte á COVID-19.

Tendo en conta o anterior, as partes acordan a conclusión do presente convenio, que someten ás seguintes

## CLÁUSULAS:

### Primeira.- Obxecto.

1. O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración das partes para a utilización futura dos espazos do recinto feiral de EXPOURENSE no desenvolvemento do Plan de Vacinación fronte á Covid-19 da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para tal efecto, a cesión de uso inclúe os espazos físicos necesarios para a vacinación, para o





tránsito e acceso das persoas usuarias, para a almacenaxe e preparación das vacinas, e para o persoal do Servizo Galego de Saúde encargado de administralas.

O uso dos espazos cinguirase ás zonas sinaladas e asignadas para este fin, observando os seguintes límites e consideracións:

- A cesión de uso dos espazos entenderase restrinxida ás zonas e períodos estritamente necesarios para a implementación do Plan de Vacinación fronte á Covid-19 da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A cesión faise sen limitación nin servidume de calquera clase.
- A cesión outórgase libre de calquera carga ou custo para as Fundacións cedentes.

2. A Fundación asinante garante que ostenta título abondo para a cesión, uso e disfrute dos espazos para a finalidade indicada.

3. Serán de conta do Servizo Galego de Saúde aquelas actuacións, tarefas ou permisos que resultasen necesarios para o desenvolvemento do plan nos espazos obxecto de cesión.

4. O manexo e control das instalacións técnicas do recinto será realizado exclusivamente por persoal propio do recinto feiral ou das súas empresas de servizos, de xeito que se garanta o seu correcto funcionamento, para cuxo efecto a fundación cedente garantirá a presenza de persoal responsable en número suficiente.

5. A Fundación designará unha persoa responsable para a coordinación co Servizo Galego de Saúde/Consellería de Sanidade.

6. Ante a posibilidade de realización de eventos doutra natureza nos espazos cuxo uso se cede durante o período de vixencia do presente convenio, as partes terán en consideración a vacinación como actividade prioritaria, dispoñendo as medidas precisas para que os eventos poidan realizarse sen prexudicar o normal desenvolvemento da campaña de vacinación, na medida do posible.

### **Segundo. Réxime económico.**

1. A Fundación proverá os servizos necesarios para o uso dos espazos polo Servizo Galego de Saúde, acorde co volume de actividade de vacinación programada, sendo esta dependente do número de doses dispoñibles.

2. O presente convenio exclúe expresamente a existencia de ánimo de lucro ou obtención de beneficio por parte das Fundacións cedentes.

3. Respecto dos usos futuros, a Fundación repercutirá con carácter trimestral ao Servizo Galego de Saúde o importe dos custos de mantemento dos espazos e servizos. Para tal efecto, a Fundación presentará a xustificación dos gastos incorridos.





Para a cobertura dos custos derivados do convenio, o Sergas destinará **un importe máximo de 144.000 €**, que se farán efectivos contra a aplicación 3201 412A 27799 da respectiva área sanitaria, na que existe crédito axeitado e suficiente.

### Terceiro. Persoal.

A subscrición do presente convenio non suporá relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Fundación e o Servizo Galego de Saúde/Consellería de Sanidade, de tal xeito que non se lles poida esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvementos das actividades ou prestacións conveniadas.

### Cuarto. Vixencia.

O presente convenio producirá efectos **durante un ano** contado a partires da data da súa sinatura.

### Quinto. Comisión de seguimento.

Constituirase una comisión de seguimento, composta por un/unha representante designado/a por cada unha das partes que intervirán na realización do obxecto do presente convenio:

- Dúas persoas representantes designadas polo Servizo Galego de Saúde, unha da cales ostentará a presidencia da comisión de seguimento. A persoa que exerza a presidencia terá voto dirimente en caso de empate.
- Dúas persoas representantes designadas pola Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.

A comisión de seguimento terá as seguintes funcións:

- a) O seguimento o desenvolvemento e aplicación do presente convenio e das actividades realizadas, así como a adopción de decisións sobre os mesmos
- b) A resolución daquelas dúbidas que poidan xurdir no cumprimento, execución ou interpretación desde convenio
- c) Modificación das cláusulas contidas no presente convenio.

Esta comisión reunirase en sesión ordinaria logo da sinatura do convenio. Posteriormente, reunirase sempre que o requira o asunto a tratar, ou a solicitude de calquera das partes asinantes.

### Sexto. Natureza e réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto polo previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico



do Sector Público, así como pola lexislación patrimonial na materia obxecto do mesmo.

Este convenio reviste o carácter dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, conforme recolle o artigo 4 do citado texto.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente Convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de seguimento. As cuestión litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **Sétimo. Causas de resolución.**

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) Denuncia de calquera das partes, que se instrumentará por escrito cun aviso previo, mínimo de tres meses.
- b) Imposibilidade sobrevida, legal ou material, de desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- c) Incumprimento total ou parcial das cláusulas e obrigas derivadas do presente convenio
- d) Reestruturacións funcionais en calquera das institucións asinantes, que fagan inviable o seu cumprimento.
- e) Desaparición das causas que motivaron a subscripción do convenio
- f) Mutuo acordo das partes.

Nos casos de resolución do convenio, a Comisión de Seguimento, deberá determinar a forma de finalizar as actuacións en custo afectadas.

#### **Oitavo. Confidencialidade e protección de datos.**

As partes acordan que toda a información e datos que unha parte entregue ou facilite á outra, de forma oral, escrita, gráfica e/ou electrónica para o desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio, será confidencial e secreto, e non se divulgará a ningún terceiro sen o consentimento da outra parte.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola que se deroga a Directiva 95/46/CE, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos

Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como o resto da lexislación vixente nesta materia, as partes comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que podan utilizalos para usos diferentes aos previstos o mesmo, fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar as relacións negociables entre as partes.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais así como no resto de lexislación vixente en esta materia, ambas partes se comprometen a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan empregalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar as relacións negociables entre as partes

Tras a finalización deste convenio, calquera das partes asinantes poderá reclamar por escrito, á/s outra/s, a rápida devolución ou destrución de calquera información confidencial ou material entregados con anterioridade, sen que poidan quedar copias da mesma, xa estean en forma escrita ou en calquera outra forma tanxible, agás unha copia escrita daquela información que a institución receptora deba manter atendendo ao cumprimento de aspectos legais e unicamente a efectos de rexistro.

#### **Noveno. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.**

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas interviñentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e demais especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, asinan o presente documento en duplicado exemplar, no lugar e data indicados.

Polo Servizo Galego de Saúde:

Julio García Comesaña.

Edificio Administrativo San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela  
T. +34 881 542 712 - F. +34 881 542 722  
sergas.gal

Pola Fundación EXPOURENSE

Francisco Conde López.